



OFICIAL DE XARDÍNS (PROMOCIÓN INTERNA):

Os aspectos xerais non contemplados nas presentes bases e as referencias feitas ás bases xerais entenderanse referidas ás Bases Xerais que regulan a convocatoria de procesos selectivos para cubrir prazas vacantes de persoal funcionario e laboral no Concello de Redondela, que se publicaron no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) núm.: 50, do 13/03/2015, coas modificacións que se publicaron no BOPPO núm.: 77, do 22/04/2016. As bases xerais refundidas están dispoñibles na páxina web do Concello (<http://redondela.gal/gl/empregopublicor>).

PRIMEIRA- NÚMERO DE PRAZAS E CARACTERÍSTICAS:

Convócase UNHA praza de persoal laboral fixo denominada OFICIAL DE XARDÍNS, equiparada ao grupo C, subgrupo C2 da función pública, categoría Oficial.

Esta praza está dotada coas retribucións básicas correspondentes ao seu grupo de titulación e as complementarias asignadas ao posto de traballo ao que se adscriba a praza.

SEGUNDA- SISTEMA DE SELECCIÓN:

Establécese o de oposición libre mediante o procedemento de promoción interna.

TERCEIRA- REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES:

Poderán solicitar tomar parte nesta convocatoria as persoas físicas que reúnan os seguintes requisitos:

-Estar en posesión do título de Graduado Escolar, Formación Profesional de primeiro grao, Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente ademais das condicións xerais sinaladas na base cuarta das bases xerais.

-Estar en posesión, como mínimo, do permiso de conducir clase B e estar disposto/a a conducir vehículos desa categoría do xeito que lle sexa requirido para o desempeño do seu traballo.





Esta praza da quenda de promoción interna resérvase ao persoal laboral fixo do Concello de Redondela, que conte, cando menos, cunha antigüidade na situación de servizo activo, de dous anos nunha praza coa categoría de operario/a, en algunha das seguintes categorías:

- Operaria/o de Medio Ambiente.
- Operaria/o de Xardíns.

CUARTA- EXERCICIOS DA OPOSICIÓN:

A oposición constará dos seguintes exercicios:

Primeiro Exercicio: De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario, tipo test, de 40 preguntas, con respostas alternativas, baseadas no contido do programa da convocatoria durante un período de 45 minutos. Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a vinte (20) puntos e para aprobar será preciso acadar un mínimo de dez (10) puntos.

Segundo Exercicio: De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Práctico. Consistirá na realización dun ou varios supostos prácticos relacionados coas funcións a desenvolver e que poderán referirse, á libre elección do Tribunal, aos cometidos propios do oficio e sempre relacionadas coa materia obxecto do temario específico no prazo que estableza o tribunal en función da natureza da proba.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a vinte (20) puntos e para aprobar será preciso acadar un mínimo de dez (10) puntos.

QUINTO- TEMARIO DA CONVOCATORIA:

1. Funcións e tarefas máis importantes dun/ha oficial xardineiro/a. Plan anual de traballos de xardinería e as súas frecuencias.





CONCELLO DE REDONDELA

2. Seguridade e saúde laboral: riscos, proteccións persoais e colectivas nos traballos de xardinaría. Equipos de protección persoal.
3. Céspedede. Implantación do céspede. Preparación do terreo. Sementeira. Sementes e as súas clases, mesturas. A sementeira por tepes.
4. Mantemento do céspede. Tipo de segas. Escarificados. Aireados.
5. Botánica aplicada á xardinaría: a planta conceptos xerais. A raíz, o talo, as follas e as flores.
6. Clasificación das plantas. Nomenclatura. Multiplicación de plantas: asexual e sexual.
7. Pragas e enfermidades: tratamento e métodos de control.
8. Maquinaria, útiles e ferramentas máis usadas na xardinaría. Condicións de seguridade das ferramentas manuais e escaleiras.
9. Diferentes tipos de rega. Regas en xardíns e xardineiras.
10. Plantación de árbores, arbustos e sebes, dimensionado das fochas, época de plantación, enxerto, apertura, preparación da focha, fertilización.
11. Poda e cirurxía arbórea e de arbustos. Poda de polas baixas, corrección na orientación en pólas estruturais. Transplante de árbores e arbustos.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE



Cod. Validación: 6DAGD3KK7SXXCK2NXYJ768EM | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tlf. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C